



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTECESURES PARA A ACTUACIÓN DE "MELLORAS VIARIAS EN DIVERSAS RÚAS E PISTAS DE PONTECESURES" E EN CONCRETO DENTRO DESTA PROXECTO NA ACTUACIÓN DE MELLORA DO PAVIMENTO NA TRAVESÍA FEIRA DO AUTOMÓVIL.

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Pontecesures o convenio arriba referenciado, por un período vixencia polo período de tempo máximo de 4 anos, agás unha única prórroga expresa por un máximo de 4 anos. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

A O Concello de Pontecesures para dar cumprimento ás súas funcións de desenvolvemento das rúas está interesado na mellora, conservación e mantemento de zona no dominio público portuario do porto de Pontecesures que interacciona cos viais da vila.

Así mesmo, o ente público Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade urbanas colindantes e a portuaria, polo que está así mesmo interesado no mantemento de dita zona portuaria.

Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que implica unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso coordinado co núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Pontecesures para a adopción conxunta das referidas medidas.

Esta actuación consiste na mellora da capa de rodaxe da Travesía Feira do Automóvil mediante o fresado da capa actual e o estendido de 5 cm de aglomerado en quente. A Rúa ten una lonxitude de 45 m e una anchura media de 6,7 m.

Tamén se contempla a execución de dous sumidoiros sifonados e o pintado das liñas de bordo (amarela) e o eixo.

Parte da intervención realizaríase en terreos do sistema xeral portuario, en concreto, dos 301,50 metros cadrados sobre os que se pretende actuar, 160 metros cadrados corresponderían con terreos portuarios.

En definitiva, o presente convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato.





Tendo en conta o propio fundamento do convenio, sustentado na súa finalidade de promoción de actividades de interese xeral a través da concorrencia dun acorde consonte de vontades orientado á coparticipación no desenvolvemento de determinadas actividades de interese común por ámbalas partes que os subscriben.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do presente convenio é o establecemento das bases de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Pontecesures para a actuación na zona portuaria que se reflicte no plano Anexo, de acondicionamento e mellora da capa de rodaxe da Travesía Feira do Automóvil mediante o fresado da capa actual e o estendido de 5 cm de aglomerado en quente.

A Rúa ten una lonxitude de 45 m e una anchura media de 6,7 m.; a execución de dous sumidoiros sifonados e o pintado das liñas de bordo (amarela) e o eixo.

A intervención afecta a terreos do sistema xeral portuario, en concreto, dos 301,50 metros cadrados sobre os que se pretende actuar, 160 metros cadrados corresponderían con terreos portuarios.

Portos de Galicia, autoriza a intervención do concello de Pontecesures nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente acordo segundo plano anexo e memoria técnica descritiva das obras non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas ós fins de Portos de Galicia, nin perda das súas potestades administrativas de policía administrativa de inspección, control e autorización das obras que se executen. Tampouco implica un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio.

Portos de Galicia en virtude deste convenio, autorizará a execución das obras do proxecto de referencia, aportando os terreos do porto de Pontecesures que sexan precisos, realizándose nos termos deste convenio a cesión de uso e posta a disposición para as obras de referencia dos terreos portuarios referidos neste convenio.

Portos de Galicia poderá supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras, requirirá ao Concello para que as corrixa.

O concello de Pontecesures asume a licitación, execución e custo das obras, especificamente no que afecta á zona portuaria, do proxecto de Melloras viarias en diversas rúas e pistas de Pontecesures, redactado en maio de 2020 polo Enxeñeiro de Camiños, C. E P. Pablo Blanco Ferreiro, Colex. Nº 22.992.

Así mesmo, o concello de Pontecesures asume o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora dos elementos incorporados coa actuación obxecto deste proxecto, que se reflicten no plano axunto a este Convenio e no que se integran as correspondentes ó dominio público portuario, e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.

O Concello de Pontecesures seguirá a prestar o seu auxilio e colaboración na xestión e mantemento xeral desta zona portuaria.

Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Pontecesures pretenda levar a cabo na obra, esixirá a conformidade previa do ente público Portos de Galicia.

Con carácter previo ó inicio das obras o Concello de Pontecesures identificará todos os servizos que se poidan ver afectados pola obras, e terán que definir as medidas que se adoptarán para a súa reposición. Tamén con carácter previo ó inicio das obras o Concello de Pontecesures presentará proxecto construtivo da actuación, o cal





terá que ser aprobado, por Portos de Galicia. Unha vez aprobado dito proxecto se procederá o replánteo das obras con presenza dun representante de Portos de Galicia

Unha vez rematadas as obras e antes da súa recepción polo Concello de Pontecesures, este comunicará a Portos de Galicia a finalización, requirindo a Portos de Galicia para que proceda ao exame das mesmas e a prestar a súa conformidade coas mesmas. En caso de desconformidade de Portos de Galicia coa execución das obras do proxecto de referencia, o Concello deberá proceder á súa costa, ás correccións que indique Portos de Galicia.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Pontecesures.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

